

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE XULLO DE 2023

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Colaboradora de Calidade

María López Díaz

Coordinador do Mestrado en

Valoración, Xestión e

Protección do Patrimonio

Cultural

Fermín Pérez Losada

Enlace de Igualdade

Comendador Rey, Beatriz

Representantes PDI

Yolanda Barriocanal López

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Representante PAS

Josefa Rodríguez Bouzas

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o venres 14 de xullo de 2023, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 31 de maio de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Validación, se procede, do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 (R1 DE 01).
4. Validación, se procede, do borrador do Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia.
5. Validación, se procede, da prórroga do procedemento para o seguimento e control da docencia (R4-DO0201 P1).
6. Validación, se procede, da prórroga do procedemento para a xestión das prácticas académicas externas (R1-DO0204 P1).
7. Asuntos de urxencia.
8. Rolda de intervencións.

DESCULPAN AUSENCIA

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Susana Reboreda Morillo

Representante estudantado

Lucía Domínguez Carrera

Representante da Sociedade

Rosa M^a Díaz Naya

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 31 de maio de 2023.

Sinala o prof. Antonio Presedo que na Acta figura a prof. María López como colaboradora de Igualdade, cando debería figurar como colaboradora de Calidade.

Coa modificación sinalada, apróbase por asentimento.

2. Informe do presidente.

Informa o presidente que a planificación docente do Centro para o curso 2023-2024 xa foi aprobada na Xunta de Facultade do pasado 29 de xuño e xa está debidamente publicitada e accesible dentro dos prazos marcados e tamén foi remitida previamente á Delegación de Alumnado. A intención era ter informado previamente á Comisión de Calidade pero foi materialmente imposible, entre outras cousas porque era preciso aprobar antes do día 30 a proposta de factores de ponderación das diferentes materias dos Bacharelatos para os diferentes cursos académicos. Neste punto agradece o traballo realizado pola profesora Beatriz Vaquero en todo o que implica a tarefa de actualización e revisión das guías docentes, que este ano, ademais, traían como novidade a necesidade de adaptar as porcentaxes de ponderación das diferentes probas ao Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

En relación co PAT, comenta que aínda que o informe final será sometido a validación no vindeiro outono, compre avanzar que en relación co curso pasado incrementouse de xeito significativo o número global de participantes nas xuntanzas de seguimento das titorías e tamén conseguimos incrementar notablemente a participación no cuestionario final de satisfacción ata case multiplicar por catro o número de participantes no curso anterior, aínda que non é menos certo que partíamos duns niveis paupérrimos e o obxectivo segue sendo incrementar aínda máis os niveis de participación.

Comenta a continuación que tamén seguimos avanzando no proceso para ter

disposto todo o preciso para a convalidación do sistema de garantía interna e que en principio se mantén a previsión de que a visita da comisión encargada coincida co inicio do vindeiro curso académico 2023-2024.

Sinala tamén que nesta data están matriculados 28 alumnos no Grao e 5 no PCEO con Turismo para o vindeiro curso, que son a totalidade dos de primeira matrícula. Lembra como, case en cada xuntanza da Comisión e case en cada Xunta de Centro, ven facendo referencia ás ameazas que penduraban sobre a titulación e que agora estes números veñen a certificar, malia que teremos que agardar ao segundo chamamento. Insiste en que existen unha serie de factores que escapan por completo ao control da facultade, como os derivados da fonda crise demográfica que padecemos —e da cal empezaremos a ser conscientes da súa fondura nos vindeiros tres ou catro anos—, a situación de crise xeral das Humanidades ou o atractivo crecente da Formación Profesional. Pero hai outra parte, e non pequena, destes números que ten que ver con decisións de calado político derivadas da atención preferente á USC por parte das autoridades educativas da Xunta de Galicia e que se manifestou no incremento nun 10% do número de prazas ao que xa fixo referencia en reiteradas ocasións e que, polas razóns que fosen, a nosa Universidade non foi quen de evitar. E, como é lóxico, toda esta situación ten agora reflexo nos números que acaba de indicar.

3. Validación, se procede, do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 (R1 DE 01).

Lembra o decano que o Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2023-2026 foi elaborado en sintonía co Plan Estratéxico da UVigo 2021-2026 e nel defínense de xeito específico as liñas estratéxicas do Centro no medio prazo. Resume a continuación as fases do proceso, que comezou coa constitución da comisión encargada da súa elaboración en novembro de 2022; a continuación elaborouse un primeiro borrador por parte do coordinador e a colaboradora de Calidade e o decano a partires do cal se foron incorporando as diferentes achegas dos membros da Comisión de Calidade para logo remitir o segundo borrador á Área de Calidade da UVigo para a súa supervisión. A continuación estivo exposto na web para que os diferentes grupos de interese realizasen as súas achegas e finalmente sométese agora á validación pola Comisión de Calidade, paso previo para a súa aprobación pola Xunta de Facultade o vindeiro venres día 21 e a posterior difusión do mesmo. Sinala que a elaboración deste documento implicou a todos os membros que integran a nosa comunidade e requiriu dunha análise detallada da nosa contorna socioeconómica e dos principais retos que se nos presentan nun contexto global que non invita precisamente ao optimismo polas razóns expostas no informe e que están recollidas no DAFO e, en función disto, na elaboración das diferentes liñas estratéxicas do Centro e os obxectivos de calidade vinculados ás mesmas.

Remata agradecendo novamente a todos os membros da Comisión encargada da elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico e da propia Comisión de Calidade as súas contribucións.

O Programa de Desenvolvemento Estratéxico válidase por asentimento.

Cede a palabra ao coordinador de calidade para os seguintes puntos.

4. Validación, se procede, do borrador do Seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia.

Sinala o prof. Antonio Presedo que, xunto co anterior, a validación deste borrador é o máis importante da reunión de hoxe. Pendentes da chegada dos técnicos de ACSUG para a renovación da certificación do Sistema de Calidade. É un traballo de que se ven realizando nos últimos meses, dende a coordinación de Calidade e en colaboración coa Área de calidade da UVIGO; unha vez aprobado en Xunta de Facultade será enviado Área de Calidade da UVIGO e de aquí a ACSUG.

Valídase o borrador por asentimento.

5. Validación, se procede, da prórroga do procedemento para o seguimento e control da docencia (R4-DO0201 P1).

O prof. Antonio Presedo indica que se trata dun procedemento anterior á entrada do actual equipo decanal que era moi operativo, por iso se propón a súa prórroga.

Comenta o decano que non houbo ningunha queixa e, xa que funciona propónse non modificalo. Tamén en relación con isto, indica se detectou un problema xa que os códigos QR non funcionaban nas aulas, trátase dun problema informático que afecta a todas as titulacións do Centro e que entende que estará solucionado para o inicio do curso.

Valídase a prórroga do procedemento por asentimento

6. Validación, se procede, da prórroga do procedemento para a xestión das prácticas académicas externas (R1-DO0204 P1).

Comenta o prof. Antonio Presedo que a única novidade deste documento está na data da súa modificación xa que figura a da vindeira Xunta de Facultade na que será aprobado.

A prórroga do procedemento é validado por asentimento

7. Asuntos de urxencia.

Non constan.

8. Rolda de intervencións.

A prof. Beatriz Comendador agradece o traballo realizado polo equipo.

A prof. María López sinala que en relación coa matrícula, os datos son preocupantes e pregunta cantos alumnos fixeron a primeira matrícula o curso pasado. Responde o decano que daquela foran 40 alumnos e alumnas. Pregunta a prof. María López cal será o prazo do segundo chamamento ao que responde o decano que será ata mediados de agosto. Cabe agardar que a situación mellore no segundo chamamento pero a situación noutras titulacións non é precisamente boa en Turismo teñen 9 alumnos e alumnas

matriculados. Teme que sexa agora cando se vexan os efectos negativos da ampliación de prazas na Universidade de Santiago; considera que será difícil que se acaden os 45 alumnos e alumnas matriculados nos primeiros chamamentos.

Comenta a prof. María López que a Universidade de Santiago incrementou 10 alumnos en Historia de 10 en Arte, e que a nosa facultade ten que chegar os 50. Puntualiza o decano que hai que chegar a 45. A prof. María López indica que a eses 45 habería que sumar os 10 do PCEO pero que agora non contan. Responde o decano que si que contan eses alumnos pero só a metade: 5 para historia, 5 para turismo. Hai que chegar a 45 que, pola consideración que ten Ourense de Campus Periférico é o que marca a Xunta de Galiza para non entrar nun plano de viabilidade pasados tres cursos académicos. Insiste en que o problema está nas tendencias de fondo e hai que loitar por cada alumno; comenta que se interesou polo que pasaba nos centros asociados da UNED de Galicia en relación ao Grao de Historia; en concreto, no caso de Ourense, o grao de Historia da UVIGO foi recibindo alumnado que anteriormente se matriculaba na UNED, de modo que o alumnado do Centro asociado respondía máis ao esperable nunha universidade a distancia. Pero neste momento o centro asociado de Ourense ten 5 matriculas de alumnos e alumnas que acaban de rematar no instituto, tres da capital e dous de aldeas próximas na provincia, que responderían máis ao perfil do noso grao; é probable que acaben rematando o grao na nosa facultade, pero non se contan porque non son alumnos e alumnas de primeira matrícula, un problema que habería que replantexar ás autoridades educativas.

O prof. Antonio Presedo e a prof. Beatriz Comendador comentan que este tipo de alumnos que se incorporan en cursos superiores deberían contar. A prof. María López insiste en que, por desgraza, só contan os alumnos de primeira matrícula e non se ten en conta para nada o alumnado matriculado no resto dos cursos. Apunta o decano que así é e que todo ese alumnado que se foi captando ao longo do tempo procedente da UNED non serviu para moito.

A prof. María López pregunta polas cifras semipresencialidade ao que resposta o decano que aínda non se coñecen de xeito definitivo esas cifras.

A prof. Beatriz Comendador amosa a súa sorpresa polos datos de Turismo. O decano considera que o peor está por chegar dentro de tres cursos, pola diminución da poboación. Trátase de factores que escapan da nosa man, tendencias de futuro que serán globais e alguén terá que tomar decisións, tamén globais, oportunas.

Pregunta a prof. María López se a titulación Patrimonio Dixital da Universidade de Santiago se oferta xa ou está en trámite. Responde o decano que descoñece si está implantada, sabe que foi á Xunta de Facultade xunto con outro mestrado. Considera que se trata dunha solución a curto prazo xa que non sabe de onde vai saír o alumnado, aínda que na ESO e bacharelato estanse a implantar materias relacionadas co mundo dixital e que parecen querer encamiñar o futuro alumnado universitario cara a estudos dese tipo.

O prof. Fermín Pérez Losada sinala que ese novo mestrado en Patrimonio Cultural Dixital si que comeza neste curso. É un mestrado da Universidade de Santiago coa colaboración co CSIC e que, obviamente, lle fai competencia ao Mestrado en Patrimonio da nosa facultade. Comenta tamén que neste último, a primeira matrícula ten 27

solicitudes, agardábase unha redución máis grande; son poucos os alumnos da Facultade de Historia, trátase sobre todo de alumnado estranxeiro, e un número importante de fora do espazo europeo.

Comenta o decano que as alternativas que el ve a esta redución de alumnado no grao pasarían por estudar as posibilidades de dobres títulos con outros países ou afondar na modalidade semipresencial tamén con outros países. En calquera caso temos que agardar que na segunda oportunidade mellore a matrícula. O prof. Fermín Pérez Losada pregunta cantos alumnos hai na primeira matrícula no grao. Resposta o decano que 28 no grao máis 2 no PCEO; unha redución de 12 alumnos respecto ao curso pasado e que o incremento na segunda oportunidade, como xa comentou, estará condicionado pola ampliación de prazas realizada na Universidade de Santiago.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 horas do día 14 de xullo de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro